



centro
dramático
galego

SALONTEATRO

galicia

CDG_12-13

Dusan Kovacevic profesional

Dirección:
Manuel Guede Oliva

(a partir da tradución de Vladimir André Cejovic e Anne Renoue)



dossier de prensa

Centro Dramático Galego
en coproducción coa
Companhia de Teatro de Braga

XUNTA DE GALICIA

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34

15705 Santiago de Compostela

Tel. 981 581 111

centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC

Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro

15703 Santiago de Compostela

Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)

prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info



Dusan Kovacevic
profesional

Dirección:
Manuel Guede Oliva

Centro Dramático Galego
en coproducción coa
Companhia de Teatro de Braga





Índice

1. **Presentación**
2. **Aliados de Kovacevic, por**
Manuel Guede Oliva
3. **A produción**
4. **Ficha artística**
5. **Funcións**
6. **O texto**
7. **Sinopse**
8. **Dusan Kovacevic, autor**
9. **Manuel Guede Oliva, director**
10. **Elenco**
Ernesto Chao, Lukan Laban
Miguel Pernas, Teodor Teja Kraj
Rebeca Montero, Marta
Rodrigo Roel, O Tolo
11. **Multimedia**

Presentación

O Centro Dramático Galego (CDG) en coprodución coa Companhia de Teatro de Braga (CTB) abre a temporada 2012-2013, coa posta en escena do espectáculo *O profesional*, a partir do texto de Dusan Kovacevic, guionista e director de orixe serbia, e unha das grandes figuras da escrita dramática europea actual. Manuel Guede Oliva, director da compañía pública dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, púxose á fronte desta montaxe dun só acto e catro personaxes que indaga na fragilidade dos ideais así como na grandeza e miseria do espírito humano.

Catro destacados nomes da escena galega —Ernesto Chao, Miguel Pernas, Rebeca Montero e Rodrigo Roel— compoñen o elenco interpretativo desta farsa política ambientada en Belgrado, en 1990. Hai xa dez anos que o presidente Tito morreu. A época é confusa. As loitas polo poder inician un camiño de sangue, pero o peor, a guerra dos Balcáns, aínda está por chegar. Neste contexto, Kovacevic crea unha fábula ácida e grotesca: no caos dunha editorial en bancarrota, sobre un fondo de festa e música, a vella xeración combate contra a nova; fóra, todo ensombrece sen remedio.

O profesional é a historia do encontro entre un ex activista político acomodado hoxe entre as redes do poder e o policía que durante dúas décadas lle seguiu os pasos. Os que nunha época foron vítima e verdugo, perseguido e perseguidor, ven agora como os seus papeis se inverten, se desdebuxan e se confunden. Con esta enigmática exposición de inicio, Kovacevic preséntanos unha divertida e emocionante metáfora das grandes ambigüidades e contradicións da antiga Iugoslavia comunista e da historia recente de Serbia. Trátase dun texto actual e cheo de matices, a través do que o CDG propón unha reflexión histórica e desde nós no ano no que se conmemora o vinte aniversario do inicio oficial da guerra dos Balcáns.



O profesional é un drama con elementos de comedia, de ironía e de cinismo e, ao mesmo tempo, tamén é un drama con tese, un texto cunha nota extremadamente crítica sobre o absurdo da nosa vida cotiá.

Texto de presentación da primeira montaxe de O profesional no Teatro Zvezdara de Belgrado, baixo a dirección escénica do propio Kovacevic



Aliados de Kovacevic, por Manuel Guede Oliva

Algúns compartimos, co poeta Humberto Saba, a certeza de que o humor é a máis alta forma da cortesía. Desde logo, eses foron os vimbios cos que trezou Dusan Kovacevic a arquitectura de *O profesional*: un texto atravesado pola civilidade, por ese delgadísimo suco no que o ser humano foi aprendendo a construírse no respecto ao outro, nos valores do diálogo, na asunción da alteridade. E isto, proclamado desde o mesmo corazón de Belgrado, nas paixases desoladas na vella Iugoslavia arrasada por rancores identitarios, incendiada por carraxes nacionalistas, destruída por resentimentos étnicos, é unha lección moral de radical magnitude.

Comparece en *O profesional* a cómica tristeza dos que un día se foron quedando sen patria, ou aos que a patria lles foi roubando a identidade. ¿Ou sería pertinente invertir a orde da tristeza e declarar que se trata da comedia triste daqueles aos que a Historia lles rematou espoliando a súa historia persoal? Sexa como for, o que Kovacevic non está disposto a negociar é o riso, a ironía, a finísima solercía, os espellos grotescos que retratan a fin dun século XX que se pecha en Europa exactamente igual a como se inaugurou, coma unha terrible maldición: sangrando polas profundas cicatrices dos Balcáns.

Pero Kovacevic, lúcido notario deste tempo, militante dun escepticismo luminoso, sabe ben que por riba de todo o que ningunha sociedade debe de perder é a súa capacidade para rir. Finalmente é o riso a arma máis poderosa contra a iniquidade, a vileza, a ignominia; é o fracaso da represión.

Por iso *O profesional* é, sobre todas as cousas, unha algazara triste, unha gargallada áspera na beira do abismo, pero ao tempo, no abismo, a confirmación da existencia. E existir é sempre o prezo.

Este espectáculo que o Centro Dramático Galego presenta aquí naceu previamente na casa portuguesa do Teatro Circo de Braga, na Avenida da Liberdade, no ano 2007, recobrando agora, cando se están a cumprir os vinte anos do inicio da Guerra dos Balcáns, un conveniente alento galego e unha oportuna respiración de nós. Son tremoias coas que o destino xoga a nos retar, adecuadas chiscadelas que refiren o calor das complicidades galegoportuguesas e xa que logo nos reafirman nas vellas conviccións a respecto da importancia de afondar diálogos transfronteirizos, cuxo valor estratéxico adquire, en moitos casos, e este é un exemplo, carácter decisivo. Grazas a Rui Madeira por nos permitir que aquel soño construído no longo outono do dous mil sete na Companhia de Teatro de Braga se reedifique cinco anos despois en Compostela, en solidarias voces conveniadas que nos afinan nas antigas e firmes certidumes sobre que o teatro é, ademais, a gozosa posibilidade de ser aliados de Kovacevic, isto é: cómplices cidadáns dunha patria universal.

Manuel Guede Oliva
director



A produción

Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral compañía de teatro adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego (CDG) comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro artístico de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura e Deporte facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega. Desde xuño de 2008, o CDG forma parte de Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), entidade que sucede ao IGAEM segundo a Lei 4/2008 de 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, aprobada polo Parlamento de Galicia.

Nestes máis de 25 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro, cunha media de tres producións por temporada, seguiron varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico da Agadic (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestuario etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Nel a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.

Companhia de Teatro de Braga

A Companhia de Teatro de Braga (CTB) é unha estrutura profesional de produción teatral fundada no Porto en 1980 e radicada en Braga catro anos máis tarde, a través dun protocolo establecido coa Cámara Municipal de Braga.

O seu proxecto artístico alterna o sempre renovado interese polas novas dramaturxias coa experimentación, a través da súa técnica teatral, sobre o grande legado dramátúrxico dos clásicos.

A CTB é a compañía residente do Theatro Circo de Braga, un dos grandes teatros de Portugal e un espazo de grandes tradicións culturais para a cidade e a rexión, inaugurado en 1915 e reaberto en outubro de 2006, despois dun profundo proxecto de reestruturación espacial e restauración.

En 32 anos de actividade, puxo en escena máis dun centenar de producións e desenvolve regularmente accións de formación de públicos (no eido do teatro, da escrita creativa, do vídeo, da animación cultural, da lectura) e da edición (cadernos de escena, programa dos espectáculos, actas etc.), apoia e colabora cos diversos organismos e institucións da cidade (universidades, museos, bibliotecas, asociacións) e da rexión, participando a través de accións concretas de sensibilización e creación de novos públicos (especialmente mozos) para o mundo da arte en xeral e do teatro en particular.

Ficha artística

Centro Dramático Galego (CDG) en coprodución
coa Companhia de Teatro de Braga (CTB)





Autoría Dusan Kovacevic
Dirección e adaptación Manuel Guede Oliva (*a partir da tradución de Vladimir André Cejovic e Anne Renoue*)
Elenco Ernesto Chao – *Luka Laban*
Miguel Pernas – *Teodor Teja Kraj*
Rebeca Montero – *Marta*
Rodrigo Roel – *O Tolo*
Escenografía Arquitecto José Carvalho Araújo
Vestuario María Negreira
Diseño de iluminación Juanjo Amado
Creación de vídeo Hugo Carvalho Araújo
Espazo sonoro Manuel Guede Oliva e Pedro Pinto
Caderno pedagógico Miguel Vázquez Freire (Gálix)
Fotografía Miguel Fernández
Asistente de dirección Inma Antonio Souto
Producción Fran Veiga
Prensa Gabinete de Comunicación da Agadic
Gabinete de comunicación Trisquelia

Funcións

Outubro

SANTIAGO DE COMPOSTELA. Salón Teatro

Do venres 5 ao domingo 21

Función de estrea

Venres 5 ás 21.00 h

Funcións xerais (venres, sábados e domingos)

Venres 12 e 19 ás 20.30 h

Sábados 6, 13, 20 ás 20.30 h

Domingos 7, 14 e 21 ás 18.00 h

Funcións escolares (mércores e xoves)

Mércores 10 e 17 ás 11.00 h

Xoves 11 e 18 ás 11.00 h

TUI. Teatro Municipal Área Panorámica

Venres 26 e sábado 27

VIGO. Centro Cultural Novacaixagalicia Teatro

Martes 30 e mércores 31

Venda de entradas para as funcións no Salón Teatro de Santiago

As entradas para asistir ás funcións de *O profesional* no Salón Teatro de Santiago (Rúa Nova, 34) póñense á venda no despacho de billetes, que permanecerá aberto todos os días de función dúas horas antes do comezo de cada actuación.

Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web <http://entradas.novagaliciabanco.es>. O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados), e de 5 euros o domingo, día do espectador.



Novembro

OURENSE. Teatro Principal
Sábado 3 e domingo 4

COIMBRA. Teatro da Cerca de São Bernardo
Xoves 8 e venres 9

BRAGA. Theatro Circo
Martes 13 e mércores 14

O BARCO DE VALDEORRAS. Teatro Municipal Lauro Olmo
Venres 23

PONTEVEDRA. Centro Social Novacaixagalicia
Venres 30

Decembro

A CORUÑA. Teatro Rosalía de Castro
Martes 4 e mércores 5

RIANXO. Auditorio Municipal
Sábado 8

NARÓN. Pazo da Cultura
Sábado 15

RIBADEO. Auditorio Municipal Hernán Naval
Domingo 23





O texto

A comedia era, a principios dos anos setenta, o xénero máis destacado do teatro serbio. Ata que un aparece un escritor novo, Dusan Kovacevic, que inmediatamente vai acadar o recoñecemento do público e da crítica pola actualidade dos temas que trata, a capacidade crítica e o tratamento humorístico da mentalidade do seu pobo.

O profesional é considerada como a súa mellor peza teatral, polo equilibrio que se logra entre traxedia e comedia. Xa no subtítulo que lle puxo á obra (“Unha comedia triste”) pódese intuír o tipo de comicidade que emprega Kovacevic.

A historia que conta o texto non cabe dúbida que ten notas dramáticas, mesmo trágicas (a persecución política, a instrumentalización das persoas polo poder político, a frustración persoal e profesional dos protagonistas, a atmosfera de hipocrisía e cinismo que o envolve todo...) pero este dramatismo rómpese con frecuencia con situacións tan insólitas e absurdas que inevitablemente provocan a risa.

A acción desenvólvese nun só acto, que transcorre no lapso de tempo dunhas breves horas. Está ambientada en 1990, na antiga Iugoslavia do período posterior a Tito. Narra o encontro entre un antigo disidente (Teodor Teja Kraj), convertido agora en director



dunha editorial, e un *profesional* ex policía da Seguridade Nacional (Luka Laban), que dedicou case vinte anos de servizo a seguir ao escritor.

A primeira versión escénica de *O profesional* (*Profesionalac*) permaneceu na carteleira do Teatro Zvezdara de Belgrado case sen interrupcións desde a súa estrea en 1990 ata 2002, ao falecer o seu actor principal, Bata Stojkovic. Desenvolvéronse un total de 416 representacións. Coincidindo coa posta en escena diante dun público multitudinario da función número cen, a obra traducíuse ao inglés e fíxose unha lectura dramatizada nun teatro de Berkeley, California, onde, unha vez máis, recibiu unha resposta entusiasta. Adquiriu máis sona e, en 1992, *O profesional* escenifícase no North Beache Repertory Theatre de San Francisco e, uns meses máis tarde vaise representar en Londres, no pequeno teatro Offstage Downstairs.

En 1994, a obra vai ser adaptada á televisión polo escritor e dramaturgo alemán Ulrich Plenzdorf, quen a vai adaptar no contexto da Stasi (a policía secreta da antiga República Democrática Alemana), aspecto que encaixaba coma un guante. Andreas Dresen vai dirixir esta versión adaptada baixo o título *A outra vida de Herrn Kreins*. En 1995, *O profesional* estréase no Circle Theatre de Manhattan, unha sala do circuito alternativo de Broadway e desde entón non para de ser presentada en diversos teatros ao longo do mundo. En 2005 foi representada en catalán polo Teatre Nacional de Catalunya baixo a dirección de Magda Puyo e, tres anos máis tarde, en portugués pola Companhia de Teatro de Braga baixo a dirección de Manuel Guede Oliva.

A título de curiosidade, sábese que *O profesional* estaba a ser representada en Beijing en 1989, coincidindo cos dramáticos sucesos da praza de Tian'anmen, tralos cales as representacións foron suspendidas.



Sinopse

A trama de *O profesional* transcorre en Belgrado, en 1990, dez anos despois da morte do presidente Tito e pouco despois de que o Partido Comunista renunciase ao monopolio do goberno e iniciase unha tímida apertura democrática.

Teodor Teja Kraj é un escritor, antigo militante da oposición, convertido agora en director dunha cambalenate editorial ao borde da quebra comercial. Marta, a súa secretaria, anúncialle a chegada dun personaxe misterioso, que arrastra consigo unha maleta. "Non sabe quen son?". Con estas palabras Luka Laban, "o profesional", entra no despacho e na vida de Teodor.

Pouco a pouco, irá descubrindo que o reservado personaxe é un policía da desaparecida Seguridade Nacional que, durante dúas décadas, tivo a misión de vixiar o antigo disidente. Apartado do servizo polo novo goberno, chega ao despacho do director editorial para revelarlle como os seus destinos coincidiron unha e outra vez.

Hai vinte anos que vive ao seu carón, ata o punto de se converter na súa sombra anónima, no seu secretario, no seu anxo da garda..., gravando e transcribindo as súas conversas e recollendo os recordos fetiche que o mozo deixaba atrás.

Paradoxalmente, na maleta que carrega figuran as "obras completas" que Teodor nunca chegou a escribir. Luka é o testamenteiro das palabras de Teodor, a súa memoria.

Teodor, o intelectual que mudou as súas conviccións sociais e políticas por un bo salario e unha carreira emerxente, verase reflectido no espello de Luka, o vello funcionario que, nun mundo que cambia vertixinosamente, resístese a abandonar sen rematar a misión que lle fora encomendada. Non é tamén el unha peza, un instrumento, do novo poder, como Luka o foi do vello? Como a el, non lle agarda mañá un análogo futuro...?

Dusan Kovacevic,

o autor

Dramaturgo e director de orixe serbia, Dusan Kovacevic (Mrdenovac, 1948) é unha das grandes figuras contemporáneas da escrita dramática europea.

Cursou os seus primeiros estudos en Novi Sad, na ex Iugoslavia, e graduouse en arte dramática pola Universidade de Belgrado en 1973. Combinando o seu traballo entre o cinema e o teatro, ben cedo vai ser considerado como un dos mellores guionistas do país nos xéneros da comedia e da sátira. As súas obras vanse traducir a unha vintena de idiomas, vanse estrear en máis de cen teatros de Europa e dos Estados Unidos e van recibir múltiples galardóns.

Nos anos sesenta traballou como dramaturgo en programas de televisión e colaborou como guionista de varios filmes, algúns baseados en pezas de teatro da súa autoría, como *Os maratonianos corren unha volta de honra* (1982, dirixida por Slobodan Sijan) ou *O espía balcánico* (1984, codirixida por el mesmo xunto con Nikolic Bota Bozidar).

Vinte anos despois filma como director a adaptación da súa obra *O profesional*, galardoada co premio da crítica no Festival de Cinema de Montreal, ou o premio ao mellor filme e ao mellor guión no Viareggio Europa Cinema, entre outros.

Entre os seus éxitos comerciais e artísticos figuran os guións de *O trato especial*, de Goran Paskaljevic; *Traxedia burlesca*, de Goran Markovic; *Quen canta por aquí?*, de Slobodan Sijan; e *Underground*, de Emir Kusturica (filme gañador da Palma de Ouro no Festival de Cine de Cannes en 1995).

Autor dunha vintena de obras teatrais, ademais das xa mencionadas, convén destacar *Radovan III* (1973), *Comedia claustrofóbica* (1987), *Larry Thompson, a traxedia dun mozo* (1996), *Ensaio para un suicidio* (2009) e *Reencarnación* (2011). Desde 1998 exerce como director do Teatro Zvezdara e desde o ano 2000, é membro honorífico da Academia de Serbia das Ciencias e das Artes (SANU).




Manuel Guede Oliva, o director


Manuel Guede Oliva estivo estritamente vinculado á escena galega durante toda a súa vida. Foi director do Centro Dramático Galego (CDG) desde 1991 a 2005. Autor, tradutor e director de producións de gran calidade e de moito éxito dentro e fóra do noso país. Comezou a dar os seus primeiros pasos como dramaturgo na temporada 1973-1974, cando co texto *O Cume* foi finalista do concurso de obras teatrais Abrente de Ribadavia. Nestas datas tamén colaborou co colectivo Histrión-70. En 1982, na cidade de Ourense, foi o fundador da Sala Caritel e da compañía de teatro do mesmo nome.

Con Eduardo Alonso versionou varias obras como *O enfermo imaxinario* de Molière, *Medea* de Eurípides, e *As alegres casadas* de William Shakespeare. En 1998 participou no espectáculo *Valle-Inclán 98*, en coprodución co Centro Dramático Nacional (CDN), o Centro Dramático Galego (CDG) e o Centro Dramático de Viana do Castelo (Portugal), coa dirección da peza *Ligazón*. Catro anos máis tarde, dirixiu a obra de Castelao *Los viejos no deben enamorarse*, unha coprodución do CDN, o CDG e o Centro Cultural de la Villa de Madrid.

Guede Oliva foi membro do Consello Nacional de Teatro do Ministerio de Cultura entre os anos 2001 a 2004. En Portugal tamén desenvolveu unha exitosa traxectoria profesional, en concreto, coa Companhia de Teatro de Braga dirixiu en 2007 o texto do autor serbio Dusan Kovacevic, *O profesional*, e en 2010 o texto de Ramón María del Valle-Inclán, *A cabeza do Baptista*.

Entre outros moitos recoñecementos, Manuel Guede gañou en 2006 o Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais convocado pola Xunta de Galicia pola súa obra *Ocaso Otero*. Asemade, en 2011 recibiu o Premio Rafael Dieste da Deputación da Coruña co texto *A función do tequila*.





Luka Laban é un policía dos servizos segredos do réxime expulsado do corpo. É un home comunista de toda a vida, ata a última gota do seu sangue, pero moi desenganado. Sofre unha evolución no seu pensamento xa que despois de estar dezaioito anos mesturado coa oposición, escoitando as súas conversas, foise arrimando ao bando contrario.

Luka acude a entrevistarse con Teodor Teja Kraj para contarlle a súa vida. Porque nin o propio Teja sabe máis de si mesmo que o policía que o vixiou durante dezaioito anos, o que foi rexistrando e transcribindo cintas das súas conversas, de moitos dos discursos anticomunistas, pronunciados en diferentes bares, trens e actos de protesta... Este dossier policial que con moita meticulosidade Luka converteu en literatura é o que lle vén presentar, convertido agora en catro tomos que conteñen historias que o mesmo Teja olvidara. Máis que un policía, Luka foi o que preservou a súa vida e os seus recordos máis prezados. Luka ofrécelle ao escritor frustrado a posibilidade de converterse no profesional que el foi e, así, Teja atopa un sentido á súa existencia.



Elenco

Ernesto Chao, Luka Laban

Ernesto Chao, que encarnou durante máis de dez anos ao popular personaxe de Miro Pereira na serie da TVG *Pratos combinados*, comezou a súa carreira profesional en 1969 como actor de teatro, xénero que nunca deixou e que a partir de 2001 desenvolve desde a súa propia compañía teatral, Lagarta Lagarta.

Os seus primeiros traballos interpretativos foron nas montaxes da Compañía Abrente (entre 1969 e 1974) e Teatro Artello (1978 e 1985). Para a compañía pública galega, formou parte dos elencos de *Agasallo de sombras* (1984), *Os vellos non deben de namorarse* (1985), *As tres irmás* (1987), *As alegres casadas* (1989), *O incerto señor don Hamlet* (1991), *Un soño de verán* (1992) e *Valle-Inclán-98* (1998). Interveu tamén nos espectáculos de Teatro do Noroeste *Rei Lear* (1990), *Os xustos* (1991), *A gran noite de Fiz* (1992), *Galileo Galilei* (1993), *As vodas de Fígaro* (1994), *Macbeth* (1994), *Historias peregrinas* (1995) e *Noite de Reis* (1996).

En 2001 funda a compañía Lagarta Lagarta coa que puxo en escena as producións *Carambola* (2006), *As últimas lúas* (2007), *Aeroplanos* (2008), *O segredo dos Hoffman* (2009), *Cásting (a comedia)* (2010) e *Unha hora na vida de Stefan Zweig* (2011).

Desde 1985 diversificou a súa actividade cara ao campo audiovisual e actuou nas longametraxes *La hora bruja* (dir. Jaime de Armiñan, 1985), *Esperanza* (dir. Chano Piñeiro, 1986), *Divinas palabras* (dir. J.L. García Sánchez, 1987), *Xelmírez* (dir. Rafael de la Cueva, 1989), *Urxa* (dir. Carlos Piñeiro, 1989), *El juego de los mensajes invisibles* (dir. Juan Pinzás, 1991), *Huidos* (dir. Sancho Gracia, 1992), *A metade da vida* (dir. Raúl Veiga, 1994), *La ley de la frontera* (dir. Adolfo Aristarain, 1997), *A noiva de medianoite* (dir. Antonio Simón, 1997), *Días de voda* (dir. Juan Pinzás, 2002), *13 badaladas* (dir. Xabier Villaverde, 2002), *El regalo de Silvia* (dir. Dionisio Pérez, 2003), *Os mortos van á présa* (dir. Ángel de la Cruz, 2008), *Anos despois* (dir. Laura Galdós, 2010) e *Doentes* (dir. Gustavo Balza, 2010).

Para a pequena pantalla, ademais do seu papel en *Pratos combinados* que o levou a ser finalista nos Premios Mestre Mateo 2006, nos últimos anos formou parte —cun papel fixo— do reparto das series da TVG *Escoba!* e *Efectos secundarios*. Tamén desenvolveu papeis episódicos en varias series da televisión nacional como *Aquí no hay quien viva*, *Cuéntame cómo pasó*, *El Comisario*, *Compuesta y sin novio*, *El oro y el barro*...

Entre os recoñecementos cos que xa conta no seu haber, figuran o Premio Compostela á mellor interpretación masculina polas obras *Galileo Galilei* (1992) e *Un soño de verán* (1993, *ex aequo*). En 2002 recibe o Premio Chano Piñeiro do Audiovisual Galego ao mellor actor protagonista polo papel de Ramón Sampedro no telefilme *Condenado a vivir*, de Roberto Bodegas. Ese mesmo ano obtén o premio de honra Abrente na XVIII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Obtivo tamén o Premio María Casares 2008 á mellor interpretación masculina por *As últimas lúas* e o Premio FETEGA 2009 por *O segredo dos Hoffman*.

Foi director do CDG entre 1986 e 1987, así como o primeiro presidente da Academia Galega do Audiovisual, asociación que en 2008 recoñeceu a súa contribución ao desenvolvemento do sector outorgándolle o Premio de Honra Mestre Mateo.



Teodor está convencido de que é un home que chegou ao máximo da súa carreira. Despois dun pasado de oposición ao réxime, cre que os novos gobernantes xa fixeron xustiza con el. Ao mesmo tempo, el, que quería ser escritor, considera que non logrou acadar todo o que tiña que conseguir por ter escrito só dous libros. E de súpeto, vén alguén que lle vai redordar toda a súa vida, todo o que fixo e todo o que puido ser. E así, sen quere-lo, encóntrase coa verdade do que foi e do que non é. Está en medio da catarse. É un cínico presuntuoso que entende que está onde ten que estar pero non sabe por qué. Esa cuestión de ser-non ser, de se o que lle están contando é a verdade, fai que dubide de si mesmo, dubide de todo, para ao final encontrarse de fociños con que non deixa de ser un mediocre.



Miguel Pernas, Teodor Teja Kraj

Actor de teatro, cine e televisión, Miguel Pernas posúe tamén unha ampla experiencia como tradutor e adaptador de guións para dobraxe.

Iniciouse no mundo do teatro en 1974 con compañías da escena afeccionada e, de seguido, en compañías de teatro galego independentes, actuando en *Paco Pixinas e a nave espacial* e *O retábulo da peste*, ambas as dúas para o Grupo de Teatro O Facho; *O paseo de Buster Keaton*, *A noite vai coma un río* e *Edén* para a Escola Dramática Galega; así como en *Dansen*, *Dous perdidos nunha noite suxa*, *A casa das tres lúas*, *As criadas*, *A noite dourada de Mimí da Cora*, *A esperar por Godot*, *Edipo Rei*, *Fausto*, *O Rei aborrecido*, *A larva furiosa* e *Forzas eléctricas* para a Compañía Luís Seoane.

Entre os papeis escénicos que interpretou tamén destacan os desenvolvidos para o CDG: *As tres irmáns* (1987), *As alegres casadas* (1989), *Un soño de verán* (1992), *Valle-Inclán-98* (1998), *Calígula* (2000), *Os espectros* (2002), *O colaborador* (2002), *Ricardo III* (2005) e *Seis personaxes na procura de autor* (2005).

Xunto con Xosé Manuel Rabón fundou a compañía Librescena Produccións, coa que puxo en escena as montaxes *Mourenza* (1995), *O barbeiro de Sevilla* (1997), *Cyrano de Bergerac* (1999), *Otelo* (2000), *A Morte e a doncela* (2001), *As obras completas de Will Shakespeare (Abreviadas)* (2002), *Os cárceres de Olvido* (2003), *A Biblia (Abreviada)* (2004) e *A ciencia dos anxos* (2005).

Ten participado tamén noutros espectáculos de compañías profesionais como Teatro do Atlántico en *Liberdade Bremana* (1989), así como en *Tagen Ata*, para Caritel-Teatro do Noroeste e *O galego, a mulata e o negro* (1990) para Ancora Produccións.

Os seus últimos traballos interpretativos foron coas compañías Teatro do Noroeste, en *Último cowboy* (2012) e *Imperial Café Cantante: Vigo 1936* (2006), e con Teatro do Morcego en *A Nona* (2010), *Os vellos non deben namorarse* (2010) e *Kvetch* (2009).

Canto ao sector audiovisual, participou nas longametraxes *A casa da luz* (dir. Carlos Amil, 2008), *O lapis do carpinteiro* (dir. Antón Reixa, 2001), *Arde Amor* (dir. Raúl Veiga, 1998) e *Urxa* (dir. Carlos Piñeiro, 1989); ademais de nas series da TVG *Valderrei*, *Rías Baixas*, *As leis de Celavella*, *Terras de Miranda*, *Pequeno Hotel*, *Cybernatura*, *Avenida de América*, *Pratos combinados*, *Mareas vivas*...



Marta é a secretaria e amante de Teja e o que fai en toda a peza é interromper a acción dramática para traer información de fóra.



Rebeca Montero, Marta

Licenciada en teatro pola Real Escuela Superior de Arte Dramático, Rebeca Montero inicia a súa actividade profesional como actriz de teatro en 1986, dentro do CDG coa obra *O enfermo imaxinario*, de Molière, baixo a dirección de Eduardo Alonso. Desde entón, traballou para a compañía pública noutras dezaseis producións: *As alegres casadas* (1989), *Leoncio e Helena* (1993), *A fiestra valdeira* (1994), *Nin me abandonarás nunca* (1995), *Nau de amores* (1995), *Viaxe e fin de don Frontán* (1995), *Hostia* (1996), *Como en Irlanda* (1996), *Lisístrata, ou cando as mulleres reviraron* (1997), *O bufón de El Rei* (1997), *Memoria de Antígona* (1998), *Si o vello Simbad volvese ás illas* (1999), *O colaborador* (2002), *Seis personaxes na procura de autor* (2005), *Noite de Reis. Ou o que queirades* (2006) e *A boa persoa de Sezuán* (2008).

Recentemente interveu en *Fastaff* (2011), para o Centro Dramático Nacional, e mais en *Elling* (2012), para Zoa Producciones, ambas as dúas baixo a dirección escénica de Andrés Lima.

Formou parte do elenco nas montaxes de Teatro do Noroeste *A gran noite de Fiz* (1992), *Galileo Galilei* (1993), *Alta Comedia* (2002) e *O País Acuático* (2002), todas elas dirixidas por Eduardo Alonso.

Completan a súa traxectoria interpretativa a súa participación nas producións de Lagarta Lagarta *O segredo dos Hoffman* (dir. Rosa Álvarez, 2009) e *Carambola* (dir. Lino Braxe, 2006), así como en *A amarga emoción do perdido* (dir. Lino Braxe, 2007) para Teatro Poscrito.

Canto ao sector audiovisual, actuou nos filmes *Todo es silencio* (dir. José Luis Cuerda, 2011), *León y Olvido* (dir. Xavier Bermúdez, 2003); *Blanca Madison* (dir. Carlos Amil, 1998); *Nena* (dir. Xavier Bermúdez, 1997); *El rey del río* (dir. Gutiérrez Aragón, 1994); e *Luz negra* (dir. Xavier Bermúdez, 1992). Tamén en varios capítulos das series e producións *Eduardo Barreiros o Henry Ford galego*, *Matalobos*, *A vida por diante*, *Pepe o inglés*, *Rías Baixas*, *Avenida de América*, *Con perdón*, *Mareas vivas*, *Pratos combinados* e *Imos aló*.

Noutras facetas escénicas, desde outubro de 2006 ata xullo de 2007 traballou como asesora de monitores de teatro en dez centros de ensino de Santiago de Compostela e as súas comarcas dentro do proxecto "Talleres a escena", da Fundació La Caixa.

Recibiu o Premio María Casares en dúas ocasións como mellor actriz secundaria polas montaxes *A boa persoa de Sezuán* e *O segredo dos Hoffman*.



O Tolo é un personaxe que está cabreado co mundo en xeral. Pensa que Teja lle quitou o posto de director na editorial. Enviou un manuscrito para ser publicado pero non lle deron resposta. Parece que se perdeu o documento, pero el cre que o destruíron. É bastante paranoico, con complexo de persecución, e a todo isto xúntase á súa adicción á bebida.



Rodrigo Roel, O Tolo

Rodrigo Roel iniciouse como actor de teatro en 1975 dentro do grupo de teatro Komos, da Universidade Laboral da Coruña, co cal colaborou nas montaxes *Don Quijote libertado* e *Sodomaquina*. Desde aquela, entre os numerosos papeis escénicos que interpretou destacan os desenvolvidos para o CDG: *Caderno de bitácora* (1985), *Almas perdidas* (1987), *O Mariscal* (1994), *Daquel Abrente* (2003) —produción que xuntaba as pezas *Laudamuco*, *señor de ningures* e *O velorio*—, *Ricardo III* (2005), *As dunas* (2009) e *As actas escuras* (2010).

Tamén ten participado noutros espectáculos de compañías profesionais como Teatro do Antroido en *Laudamuco*, *señor de ningures* (1978), *Memorias de mortes e de ausentes* (1978), *O touporroutou da lúa e do sol* (1982), *Percival* (1983), *O romance dos figos de ouro* (1983) ou para O Moucho Clerc en *Da Vinci levaba razón* (1986), *Na fraga do conde* (1988), *A caza do snark* (1991), *O rouxinol da Bretaña* (1992) e *Os tres erres* (1993).

Igualmente, interveu nas montaxes *Saxo Tenor* para Teatro do Aquí (1993), *Molière final* (Talía Teatro, 2004), *Zardigot* e *Anxeliños* (Espello Cóncavo, 2007 e 2008 respectivamente), así como nos filmes *Sempre Xonxa* (dir. Chano Piñeiro, 1989), *A metade da vida* (dir. Raúl Veiga, 1993), *Dame lume* (dir. Héctor Carré, 1993), *O lápis do carpinteiro* (dir. Antón Reixa, 2001) e *León y Olvido* (dir. Xavier Bermúdez, 2003). Actuou tamén nas producións de Espello Cóncavo *Zardigot* (2007), *Anxeliños* (2008) e *Limpeza de sangue* (2010), así como en *Ocaso Otero* (2007) para Galería Compañía de Teatro.

Traballou nas series da TVG *Pratos Combinados*, *Galicia Express*, *Avenida de América*, *Terras de Miranda* e *As leis de Celavella* e, noutras facetas escénicas, dirixiu as pezas *A caza do snark*, *Gaivotas subterráneas*, *Dany e Roberta* e *Parella aberta*, entre outras. Dentro da súa traxectoria profesional tamén sobresa a súa actividade como escenógrafo, decorador, realizador de atrezzo, figurinista e iluminador en máis dun cento de producións. De feito, recibiu os Premios Compostela á mellor escenografía por *Saxo Tenor* (para a compañía Teatro do Aquí 1993) e por *Electra* (Uvegá Teatro, 1995) e foi nominado ao Premio María Casares á mellor escenografía en 1999 por *Memoria de Antígona* do CDG, en 2010 por *O xogo de Yalta - Afterplay* de Teatro do Atlántico, e en 2011 por *As actas escuras* do CDG, ademais de ao Premio María Casares 2002 ao mellor vestiario por *Rosalía* do CDG e ao Premio Mestre Mateo 2006, tamén na categoría de mellor vestiario, pola longametraxe *León y Olvido*.

Multimedia

Dossier electrónico:

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/oprofesional/dossier_prensa.pdf

Fotografías (alta resolución):

© Miguel Fernández

http://centrodramatico.org/cdg/novas/prensa/galeria.php?id=obra7o_profesional

Caderno pedagógico:

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/oprofesional/caderno_pedagogico.pdf



Cortes de son:

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/oprofesional/corte_son_01.zip

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/oprofesional/corte_son_02.zip

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/oprofesional/corte_son_03.zip

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/oprofesional/corte_son_04.zip

Máis información

<http://www.centrodramatico.org>

